



Inicio campaña do control biolóxico do *Dryocosmus kuriphilus*. Mostraxes de brotación e solta de *Torymus sinensis*

O programa de acción da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, para a loita biolóxica contra *Dryocosmus kuriphilus*, conta con dúas liñas principais de actuación:

1. Soltas do parasito; *Torymus sinensis*, nos meses de primavera, co fin de que os parasitoides se dispersen naturalmente. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realizáronse as soltas do parasito segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.

No ano 2022 realizaranse a solta de 1.200.150 individuos.

2. Estudo do grao de parasitación; Esta comprobación realízase recollendo bugallas, tanto de xema como de folla, que son enviadas ó laboratorio, onde comproban, mediante a súa apertura, a presenza do parasito. Esta recollida realízase nos meses de outono.

O control do *Dryocosmus kuriphilus*, baséase na loita biolóxica por medio do seu inimigo natural e específico, o *Torymus sinensis*. A solta do parasitoide é o único método eficaz de loita fronte a esta praga.

As actuacións que leva a cabo a Consellería do Medio Rural reflíctense no Plan Anual de Actuacións contra *Dryocosmus kuriphilus* 2022. Pode encontrar información ao respecto na páxina web da Consellería do Medio Rural.

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/sanidade-forestal>

A partir do ano 2020, a comercialización do *Torymus* está liberalizada. Na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación atópanse as empresas autorizadas para a súa produción e comercialización:

<https://www.mapa.gob.es/app/omdfocb/ResBusCon.aspx?id=es>






MOSTRAXE DE BROTACIÓN.

Na semana do 21 ó 25 de marzo realizaremos as mostraxes nas seguintes cuadrículas.


PROVINCIA	CUADRÍCULAS
A CORUÑA	0,1,2,6,7,8,13,14,15,20,21,22,23,32,33,44,45,46,47,51,57,58,59,69,70,71,82

RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS CULTURAIS.




- Eliminación de competencia, podas e a aplicación de rega a abonado.
- Regas durante o verano para prolongar o período de crecemento dos gromos, de xeito que as xemas dos novos gromos queden fora do período no que a avespa fai as postas.
- Podas en verde para tentar prolongar este período e reducir o nivel de danos, as feridas de poda cicatrizan máis rápido o que diminúe o risco por infección de cancro.
- Nas plantacións novas recoméndase a eliminación das bugallas para mellorar o vigor das árbores.
- Nas plantacións situadas en zonas de liberación do *T. sinensis*, sen embargo, non se recomenda a eliminación destas bugallas posto que nelas permanece o parasitoide ata a súa emerxencia na seguinte primavera.
- Os *Torymus* aliméntanse de néctar, polo que é importante deixar zonas con matogueiras, para que as súas flores dean alimento ós parasitos.



ESTADO DE BROTAÇÃO DO CASTIÑEIRO SEMANA 11 (14 - 15 MARZO)

 Malla 16x16 km

Nº de puntos de mostraxe = 192

-  Xema pechada
-  Follas brotadas . Sen bugallas
-  Bugallas incipientes